






Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE XENERICO	
Unidade Tramitadora:	
Participacion Cidadana – GPV	
Número expediente:	Documento:
 PAR/1/2024	 PAR18I007
3H48153H626U476Z19JH	
	

Asunto: Informe sobre a insuficiencia de medios para a realización do servizo de execución do programa municipal de participación cidadá.

Yolanda Martínez García, xefa do Servizo Sociocomunitario, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte

INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS

En base ao disposto no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 201/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, cando se faga necesario celebrar un contrato de servizos, previamente deberase xustificar adecuadamente no expediente a insuficiencia de medios.

Esta necesidade de contratación externa, debida á insuficiencia de medios, sigue os principios de estabilidade orzamentaria e de sostibilidade financeira á que fai referencia nos artigos 3º e 4º, respectivamente, a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Por participación cidadá se entende a posta en marcha de procedementos a través dos cales a cidadanía pode expresar a súa opinión sobre determinadas cuestións de proximidade que afectan á cotidianeidade da súa comunidade, barrio, pobo, cidade ou territorio. Dende hai anos, os gobernos municipais están a poñer en marcha estes procesos para orientar a súa acción de goberno e o Concello de Narón non é alleo a esta corrente.

Neste contexto, o Concello de Narón non conta con persoal especializado para realizar o programa municipal de participación cidadá, polo que ineludiblemente debe contratar a execución do programa con empresas especializadas no seu desenvolvemento, e que contén coas garantías suficientes para acometer con éxito esta necesidade que temos.

Por todo o indicado, se informa sobre a insuficiencia de medios para a realización do servizo de execución do programa municipal de participación cidadá.